

Procedemento para regular a elección de delegado/-a e subdelegado/-a de curso dos graos da Facultade de Filoloxía e Tradución

(Aprobado en Xunta de Facultade do 18 de xullo de 2017)

1. CONVOCATORIA

Será a Delegación de Alumnado da Facultade de Filoloxía e Tradución quen se encargue de facer unha convocatoria para que cada curso elixa ao seu delegado/a e subdelegado/a. O decanato facilitará os medios necesarios. A convocatoria realizarase na primeira semana do mes de outubro, mediando entre esta e a data da votación un prazo de 5 días hábiles.

O procedemento de votación será secreto e podera exercerse de forma presencial ou telemática, sempre que existan os medios disponibles para esta segunda modalidade.

2. CANDIDATURAS

Calquera estudante matriculado ou matriculada en, cando menos, unha das materias do curso en cuestión poderá presentar a súa candidatura. En caso de matrícula en materias de dous ou máis cursos, unicamente se poderá presentar candidatura por un.

Serán admisibles tanto candidaturas conxuntas como individuais.

3. ELECCIÓN

Terán dereito a votar todas as alumnas e alumnos matriculados en polo menos unha materia do curso no que se pretenda celebrar a votación. O lugar, data e procedemento de elección fixaranse procurando a maior difusión e facilitando a participación de todas as persoas interesadas, na medida en que sexa posible.

Levantarase acta da votación, na que constarán os nomes das persoas elixidas e o número de votos que recibiron.

4. REPETICIÓN DO PROCESO

No suposto de que non haxa candidaturas suficientes para que todos os cursos teñan os seus delegados/as ou subdelegados/as, o proceso de elección poderá repetirse noutro momento durante o período lectivo, coa única condición de que a delegación de alumnado o solicite e sen límite no número de convocatorias.